

Nome _____

Data _____

1 Le este texto teatral.

NARRADOR. Contan que hai moito tempo, preto de Muxía, unha rapaza sentaba cada día na praia e comezaba a chorar.

SOL. Que tes, ruliña? Por que choras?

RAPAZA. É que me gustaría vivir dentro do mar!

SOL. Afogarías. Esquéceo e vai xogar!

NARRADOR. Pero ela seguiu chorando na praia ata que chegou a Lúa.

LÚA. Que tes, rapaza? Por que choras?

RAPAZA. Porque quero vivir no fondo do mar!

LÚA. Non pode ser, ruliña! Non es un peixe.

NARRADOR. Niso, apareceu un trasno.

TRASNO. Eu pódote converter en serea, pero nunca poderás volver á terra.

RAPAZA. Tanto me ten. Eu só quero nadar e nadar.

NARRADOR. E así foi como a rapaza puido vivir dentro do mar.

**2 Cantos personaxes falan no texto.**

3 Que desexaba a rapaza? Cando o conseguiu?

Nome _____ Data _____

1 Marca a opción que máis che guste para contar a historia deste personaxe.



Como se chama?

Marciano

CT49

Onde pasa a súa historia?

No planeta Triste

No planeta Oco

Que problema tiña o protagonista?

Non tiña amigos

Quería vivir na Terra

Que lle pasou?

Atopou un astronauta

Atopou un extraterrestre coma el

Como acabou a historia?

Viaxaron xuntos á Terra

Fixéronse amigos e viviron xuntos

2 Completa a historia cos datos que escolliches e ponlle título.

Era unha vez un extraterrestre que se chamaba _____.

Vivía no _____ e tiña un gran problema:

_____.

Un día _____. Ao final,

_____.

_____. E conto contado, conto acabado.